

ROSALÍA: UN ACHEGAMENTO Á SÚA POSICIÓN DIANTE DA CIENCIA E DA TÉCNICA

Mari Álvarez Lires

Universidade de Vigo

doi:10.17075/rcsxxi.2014.004



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

CIENCIA E TÉCNICA NA EUROPA DO XIX

No século XIX prodúcese en Europa progresos científicos de gran transcendencia e detéctase un predominio de Occidente, derivado, sobre todo, da supremacía política e económica e da mellora do ensino e da investigación científica (Taton, 1988). A ciencia deixa de ser unha actividade *amateur* para institucionalizarse e converterse nun fenómeno social; deixa de ser académica e recreativa para converterse nunha actividade esencial para a economía e, en teoría, para o progreso da humanidade, tal como preconizaba o discurso ilustrado (Álvarez-Lires, 2002).

Reparemos, por exemplo, en que os progresos das ciencias físicas e químicas así como a influencia da bioloxía na evolución da medicina tiveron fonda repercusión no desenvolvemento industrial e levaron aos gobernos e ás grandes empresas a establecer unha política científica. As interaccións ciencia-tecnoloxía-sociedade obrigan a repensar a historia das ciencias desde factores internos (historia das ideas-internalismo) e externos (historia social-externalismo), alén de crónicas de sucesos triunfais cuxos protagonistas son cabaleiros sen par de armadura prateada, nunca mulleres, que defenden a «verdade» fronte ao «erro» nunha loita filantrópica (Álvarez Lires *et al.*, 2003). Desta maneira, nomes como Faraday, Carnot, Liebig, Kekulé, Mendeleiev, Pasteur, Maxwell, Kelvin, Hertz, Mendel, Koch, Lyell ou Darwin aparecen como artífices, en exclusiva, do progreso científico. Sen afán de negar os seus méritos, nada máis lonxe da realidade da produción e construción da ciencia que esta visión idealista-positivista.

Non é posible aquí analizar en profundidade tal proceso e, xa que logo, expoñanse unicamente algúns exemplos desa interacción nos campos da calor e da enerxía, a enxeñaría, a metalurxia, a electricidade e o magnetismo, a química e a bioloxía. Salientárase que o desenvolvemento da máquina a vapor conduciu á invención da locomotora e á aplicación aos barcos a vapor, así como á formulación, con consecuencias cuantitativas, das leis de conservación e transformación da enerxía. Isto levou aos procedementos metalúrxicos de precisión e á produción

de aceiro. O papel da ciencia nestes procesos foi máis ben cativo (inda que sempre estivo presente) e o decisivo debeuse aos elementos técnicos, baseados na tradición do traballo manual, e aos económicos, baseados no beneficio (Bernal, 1989).

No caso do desenvolvemento da electricidade, esta pasa de ser un obxecto de interese científico e frívolo-recreativo a unha grande industria. A comprensión da existencia de campos magnéticos producidos polas correntes eléctricas e o modelo de fluído a través de condutores levaron á teoría electromagnética da luz, que constituíu a segunda gran síntese que deu á ciencia do XIX un carácter aparentemente acabado.

Na química prodúcese a vinculación coa industria téxtil, o desenvolvemento químico farmacéutico, e sintetízanse colorantes e explosivos.

Polo que respecta ás ciencias biolóxicas, as preocupacións agrícolas e médicas conduciron á microbioloxía, á teoría da orixe das enfermidades por xermes patóxenos de Pasteur, e xorde a controversia creacionismo/darwinismo.

Finalmente, o gran progreso da óptica e a aparición da espectroscopia multiplicou o número de instrumentos utilizables noutras ciencias e transformou a química e a astronomía, de maneira que serían clave para a determinación da estrutura do átomo.

É de salientar que os trazos anteriores constitúen, unicamente, unha imaxe simplificada do progreso científico e técnico na Europa do XIX.

ALGÚNS TRAZOS DA CIENCIA E DA TÉCNICA NA ESPAÑA E NA GALICIA DO SÉCULO XIX

Mentres países como Alemaña, Francia ou Gran Bretaña desenvolveron a ciencia en conxunturas económicas favorables, o século XIX en España foi inestable e convulso.

O final da guerra da independencia non significou retomar a situación da Ilustración, se ben, no primeiro período absolutista de Fernando VII, se pensou en restaurar algunhas institucións da época de Carlos IV. A sublevación de Riego, o trienio liberal, o regreso de Fernando VII, as guerras carlistas e as continuas crises de goberno explican que ata a segunda metade do XIX, reinado de Isabel II, a situación empeorase. Con todo, a creación da Institución Libre de Enseñanza

(ILE), 1875, cuxo obxectivo era «fundar unha Institución Libre consagrada ao cultivo e propagación da ciencia nas súas diversas ordes», supuxo un aire renovador.

En canto á ciencia española no século XIX, aconteceu que, mentres as ciencias naturais prosperaron, grazas, entre outros motivos, á tradición das facultades de medicina e dos colexios de cirurxía, a física, a química e as matemáticas sufriron un gran retroceso, non só respecto ao XVIII senón, tamén, en relación co progreso de países europeos, Rusia e Estados Unidos. Unha das posibles causas desta circunstancia podería residir no feito da deficiente industrialización española. Foi mágoa, porque no XIX se institucionalizou a ciencia e o tren que a levaba colleu un impulso tal que, agora, resulta imposible alcanzalo (Taton, 1988).

En España houbo pouco interese oficial polos avances europeos; con todo, as melloras educativas permitiron o despregamento da ciencia a fins do XIX:

De 1808 a 1833: as realizacións científicas do XVIII foron destruídas. De 1833 a 1875: reconstrución da ciencia co establecemento do liberalismo. De 1875 a 1898: consolidación da estrutura científica, que dará lugar á chamada Idade de Prata da Cultura española.

En Galicia, sinálase como o fracaso do desenvolvemento capitalista a década 1830-1840. Prodúcese o declive da industria doméstica do liño (en mans femininas) fronte ao algodón industrial de Catalunya. En 1843, comeza a exportación de reses vacúas a Gran Bretaña, pero desaparece en 1892 fronte á competencia de Ultramar.

Na segunda metade do século saen para a emigración 400 000 persoas (1/4 da poboación de Galicia en 1860), prodúcese o apoxeo do coiro, da salga e o esplendor das cerámicas de Sargadelos, así como o da industria conserveira do peixe, que irá decaendo con altibaixos.

DEBATES E CONTROVERSIAS

As controversias sobre temas científicos, sobre todo a finais do XIX, terán unha importantísima ligazón con factores externos. No panorama científico hispano destacan: a inacabada polémica da ciencia española, a cuestión universitaria e a difusión do darwinismo.

Respecto á polémica da ciencia española, Laverde e o seu discípulo Menéndez Pelayo entenden que a teoloxía é ciencia, exaltan o sentimento patriótico, o recoñecemento das glorias de séculos pasados e a defensa a morte da «esencia católica» de España. Estes autores chegan a poñer como exemplo da non contradición entre a ciencia e a relixión católica, en tempos da Inquisición, a Luis Vives (1492-1540) e Feijoo (1676-1764), obviando o exilio do primeiro en Bruxas (seu pai foi queimado e súa nai desenterrada e despois queimada pola Inquisición española), e o acoso contra o segundo, que, se ben se librou de males maiores por intercesión de Fernando VI, sufriu feroces ataques e tivo que modificar parte da súa obra para sobrevivir á represión inquisitorial.

No bando crítico, adóitase citar a Azcárate como representante dun sector consciente do atraso do país, preocupado polo seu futuro e progreso, que realiza propostas de mellora da educación, a ciencia e a cultura, a imaxe dos países europeos máis avanzados. O krausismo será a corrente representativa desta actitude. Núñez (1969) salienta que Azcárate reivindica a liberdade de investigación, fronte á relixión, á monarquía e ao goberno, garantida polas liberdades políticas, posto que os acontecementos de 1875 afectaran a liberdade intelectual. Tamén indica que o positivismo, identificado co evolucionismo, invadirá as ciencias experimentais e sociais, que se traducen libros estranxeiros e aparecen revistas como *Anales de Ciencias Médicas*. Ateneos, como os de Valencia e Madrid, fanse eco destas ideas e ligan o positivismo co liberalismo nas intervencións de Azcárate, Serrano, Revilla, Simarro, Cortezo ou Ustáriz.

Segundo Abellán (1988), a polémica da ciencia será un expoñente da implantación da mentalidade positiva e científica e do rexeitamento que esta produce na tradición relixiosa.

A PRIMEIRA E A SEGUNDA «CUESTIÓN UNIVERSITARIA»

A Lei Moyano de 1857 estableceu a estrutura e funcionamento do sistema educativo español durante preto dun século. Peset (1974) afirma que se intentaba organizar a universidade segundo tres piares: secularización do ensino, liberdade e gratuidade, relegando á Igrexa católica do control. Sanz del Río pronuncia un

discurso en 1857, vinculando a reforma educativa co krausismo, coa intención de pular a universidade e a sociedade.

Mais, nos derradeiros anos do reinado de Isabel II, promúlganse decretos que fan desaparecer diversas facultades e devolven unha parte do poder á Igrexa católica. En 1865, Castelar publica en *La Democracia* dous artigos críticos coa venda do patrimonio nacional, do que a raíña reservaba para si o 25%. Ten lugar a que se denomina Primeira cuestión universitaria (1864-1865), alentada polos sectores neocatólicos de *El Pensamiento Español*, que acusan aos profesores krausistas de querer acabar coa relixión e coa monarquía: o goberno de Narváez separa da cátedra a Castelar, a Salmerón, destitúe o reitor Montalbán por negarse a instruír os expedientes contra eles e declara o estado de guerra. Os estudantes maniféstanse por Madrid o 10 de abril de 1865 (a noite de S. Daniel) e a garda civil e o exército matan 12 persoas, moitas delas transeúntes.

A Segunda cuestión universitaria (1875) prodúcese pola aplicación do decreto Orovio. Son expulsados os krausistas González Linares e Calderón da USC, e Giner de los Ríos, Salmerón e Azcárate da de Madrid. Estes deciden continuar o seu labor fóra da universidade e fundan a ILE.

A DIFUSIÓN DO DARWINISMO

O darwinismo case non se coñecía en España ata a revolución de 1868 (Glick, 1989). Na súa difusión desempeñaron un gran papel os ateneos e as tertulias, malia o ambiente de censura. Nas universidades, os ataques contra a liberdade de cátedra son importantes, como xa vimos; neste caso, estarán especialmente comprometidas as cátedras de historia natural das universidades de Sevilla e Santiago, así como os ateneos de Barcelona e Valencia (González-Rodríguez, 2003).

González de Linares, que se acollía á liberdade de cátedra, aínda que discrepaba de Darwin en aspectos como a herdanza (Nieto, 2010: 87), pronuncia unha lección sobre o autor na Academia Escolar de Medicina de Santiago que produciu unha gran polémica, da que falará Carracido (1873) en carta a Giner (Faus, 1986).

Despois da Segunda «cuestión universitaria», a ILE difunde o darwinismo, mais ata finais de 1875 non haberá unha defensa clara del nin se introducirá

nas facultades, e ata 1881 os catedráticos expedientados non regresarán ás súas cátedras.

Respecto á polémica sobre o evolucionismo na USC, semella que a oposición ao darwinismo foi máis belixerante que noutras (Díaz-Fierros, 1975; Fraga, 1977). Con todo, segundo Glick (1982), a polémica á que acabamos de facer referencia quedou nuns niveis moi superficiais, tanto nos partidarios coma nos detractores.

PREXUÍZOS CIENTÍFICOS SOBRE AS MULLERES: O DARWINISMO NON É UNHA EXCEPCIÓN

Se durante o Século das Luces en Europa, mulleres de clase alta puideron acceder á ciencia, como Madame du Châtelet (introdutora, con Voltaire, do newtonianismo en Europa) ou Anne Conway (inspiradora de Leibniz e ocultada por este), os pensadores do século XIX reintroducen para as mulleres o paradigma de «anxo do fogar», coidadora da familia e sometida ao marido. Cando a ciencia se institucionaliza, as mulleres, excluídas da educación formal, son apartadas novamente dela. Isto non se fixo sen resistencia e cóñécense casos como os de Mary Sommerville, autora dun estudo crítico sobre Laplace, de ampla difusión en Europa, ou Ada Lovelace, precursora da informática.

A ciencia no XIX, cun prestixio e unha autoridade crecentes, lexitima os vellos prexuízos sobre as mulleres no campo da medicina, a psicoloxía e a bioloxía (Laffitte, 1964). Nos libros de medicina e hixiene referidos ás mulleres, publicados en España, «a moral aparece sempre presidindo obras, mesmo, puramente científicas», como un texto dun curso de doutoramento en Medicina, moi utilizado, no que se pregunta: «Cal é a educación física e moral da muller, máis conforme cos grandes destinos que lle confiou a Providencia?» (Palmer, 1984).

Respecto á capacidade intelectual das mulleres, malia os discursos ilustrados de Feijoo, Sarmiento ou Condorcet, os traballos de Franz Gall sobre frenoloxía (1809-1819) sosteñen a inferioridade das facultades intelectuais das mulleres respecto aos homes. Concepción Arenal (1869) rebate as conclusións de Gall e mostra as contradicións da súa argumentación. Numerosos autores trataron de demostrar a inferioridade física das mulleres baseada, dicían, na súa débil cons-

titución pois «pasaban cheas de doenzas a meirande parte das súas vidas». Pardo Bazán (1890) combate estas falaces afirmacións, mostrando os labores da muller galega do campo, arando, segando ou cavando, mesmo preñada ou criando; tal como recolle Araceli Herrero (2004):

Tan duras labores no levantan protesta alguna entre los profundos teóricos de la escuela de Monsieur Prudhomme, que, apenas se produce el menor conato de ensanchar las atribuciones de la mujer en otras esferas, exclaman llenos de consternación y santo celo que *la mujer no debe salir del hogar, pues su única misión es cumplir sus deberes de esposa y madre.*

Estes argumentos foron utilizados para impedir o acceso das mulleres á educación superior, ás profesións e aos cargos públicos. Cando este acceso se produciu con éxito, o discurso mudou e profetizou un desastre porque a actividade intelectual e a capacidade de procreación eran incompatibles, tal como teorizaban Spencer e Moebius (Martínez-López *et al.*, 1991). A morte de Martina Castell i Ballespí, considerada a primeira doutora en medicina na España no século XIX, foi alegada como proba dos argumentos citados.

Por outra parte, Pardo Bazán escribiu «Reflexiones científicas contra el darwinismo» en *La Ciencia Cristiana* en 1877. Coñecía a edición francesa da obra de Darwin, cita a Haeckel, a teólogos e argumenta que combate o darwinismo desde unha postura científica. Segundo Díaz Sánchez (2007), erra ao identificar a evolución humana coa natural, pero as causas do rexeitamento son máis fondas, pois as ideas evolucionistas levan latente o argumento da diferenza e a superioridade dunha especie/raza/sexo sobre o resto, como preconiza o darwinismo social; ademais, para a escritora, o evolucionismo carece de probas tanxibles, é pura teoría, moi lonxe do empirismo que defende como boa positivista e sobre o cal polemiza en *La Ilustración Española y Americana*.

Revisións recentes da obra de Darwin destacan o androcentrismo presente nela, que «deixou as mulleres na cuneta» sen ningún papel na evolución (Martínez Pulido, 2003, 2012). Ademais, Darwin tiña unha visión clara da supremacía do varón sobre a muller e afirmaba que «o home adquiriría maior eminencia que a muller en calquera cousa que fixese». Non é estraño que a escritora, firme defensora da igualdade das mulleres, se opuxese ao darwinismo, máis por estas

razóns que por catolicismo. Non obstante, en *Los Pazos de Ulloa* aparecen trazos darwinianos á beira do naturalismo. Como acontece acotío, as interpretacións son ben máis complexas do que semellan a primeira vista e poida que Pardo Bazán non andase tan desencamiñada como se adoita dicir.

CIENCIA E PROGRESO NA OBRA ROSALIANA

Rosalía recibiu a instrución que daquela se consideraba axeitada para unha señorita (ler, escribir, as catro regras, música e pintura). Todo parece indicar que asistiu de maneira cotiá ás actividades culturais promovidas polo Liceo de la Juventud xunto a personalidades destacadas como Murguía, Pondal ou Aguirre. Se non fose nese ambiente, onde podería ter accedido á formación autodidacta?

A falta de fontes, rastreamos a recepción de novas científico-técnico-culturais pola burguesía, ás puido ter acceso Rosalía, e localizamos dúas publicacións: *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1882)¹ e *La Ilustración Española y Americana* (1869-1921).

Na primeira delas, dirixida por Murguía, nótase a pegada do krausismo e ecos da polémica do darwinismo; escriben destacados persoeiros e tamén algunhas mulleres como a propia Rosalía, Concepción Arenal ou Pardo Bazán. A modo de exemplo, diremos que os contidos desta publicación versaban sobre:

Ciencia e relixión ou ciencia e fe; Historia, monografía arqueoloxía e belas artes; Biografía, *semblanzas* e bosquexos; Crítica, filoloxía, literatura; Descrición, recordos, estudos sociais e viaxes; Novelas, contos, lendas e tradicións; Poesía galega, castelá e asturiana; Economía, estatística e xeografía; Industria e intereses materiais (camiños de ferro, obras de enxeñaría...); Observacións astronómicas; Actividades, sucesos contemporáneos e variedades.

As cuestións tratadas son diversas e, entre elas, pódense citar²:

- Conferencia de Echegaray, nun ciclo de ciencia para mulleres no Ateneo de Madrid³, sobre *Luz e son*.

1 Antes chamada *La Ilustración de Galicia y Asturias* e despois *La Ilustración Cantábrica*.

2 Sería precisa unha revisión exhaustiva de ambas as dúas revistas para a súa análise.

3 A divulgación científica para mulleres era unha actividade moi estendida en Europa desde o século XVII.

- Loanza de Lesseps, pola construción do Canal de Suez de 1869.
- Publicacións e celebracións en honor de Feijoo e Sarmiento.
- Poesía de Rosalía.
- Escritos de Concepción Arenal.
- Noticias de folgas por suba de impostos, como a das leiteiras.
- Noticias de movementos intelectuais en Asturias e Galicia.
- Solicitud de devolución das cátedras de ciencias e letras para a USC.
- Loanza de personaxes de sona científica como Rodríguez Bustillo, químico e farmacéutico.
- Artigos de Laverde e de Rodríguez Mourelo.

Descoñecemos as lecturas científicas ás que Rosalía tivo acceso, se ben nos seus escritos hai referencias a Feijoo, Malebranche ou Rousseau e a moitas mulleres⁴. Así as cousas, fixemos un baleirado das *Obras completas* para localizar referencias explícitas a ciencia, progreso, positivismo e evolucionismo^{5,6}. Desta maneira, pódense ilustrar algunhas constantes do seu pensamento:

Unha actitude proclive ao progreso e á «moderna ciencia», identificada co positivismo, non exenta de escepticismo: inutilidade para curar a loucura e incapacidade para pescudar no insondable:

Una luciérnaga entre el musgo brilla
 y un astro en las alturas centellea;
 abismo arriba, y en el fondo abismo;
 ¿qué es al fin lo que acaba y lo que queda?
En vano el pensamiento
indaga y busca en lo insondable, ¡oh ciencia!
Siempre, al llegar al término, ignoramos
qué es al fin lo que acaba y lo que queda.
 [...] ¿Qué somos? ¿Qué es la muerte? La campana
 (Rosalía, 1884: 18)

4 A biblioteca de Murguía tampouco dá moita información ao respecto, pois está incompleta.

5 Precísase unha análise máis fonda destas cuestións na obra rosaliana.

6 As cursivas son nosas.

Desde los cuatro puntos cardinales
de nuestro buen planeta
—joven, pese a sus múltiples arrugas—,
miles de inteligencias
poderosas y activas
para ensanchar los campos de la ciencia,
tan vastos ya que la razón se pierde
en sus frondas inmensas,
acuden a la cita que el progreso
les da desde su templo de cien puertas.
Obreros incansables, yo os saludo,
llena de asombro y de respeto llena,
viendo cómo la Fe que guió un día
hacia el desierto al santo anacoreta,
hoy con la misma venda transparente
hasta el umbral de lo imposible os lleva.

(Rosalía, 1884: 18)

Existe algo en el hombre de todas las edades, que *no se educa ni ciñe por completo a las exigencias de la razón ni de la ciencia*, así como suele sobreponerse también a todas las ignorancias y barbaries que han afligido y pueden afligir a la humanidad entera. *Y este algo, es el exceso de sensibilidad y de sentimiento* de que ciertos individuos se hallan dotados, *y que busca su válvula de seguridad, sus ideales, su consuelo, no en lo convencional, sino en lo extraordinario, y hasta en lo imposible también.* Ve, si no, a *una madre de esas que han sido perfectamente educadas*, y que puede decirse instruida, pero que es madre cariñosa al mismo tiempo; mírala *a la cabecera de su hijo moribundo*, sin esperanza de poder volverle a la vida. Acércate a ella en tan angustiosos momentos, *aconséjala el mayor de los absurdos en el terreno de las supersticiones, asegurándole que si hace lo que se la ordena, su hijo recobrará la salud*, y verás *cómo cree en ti y se apresura a ejecutar exactamente lo que a sangre fría hubiera condenado y ridiculizado en otra cualquier mujer.* Y si por casualidad su hijo volviese a la vida, aquella madre será supersticiosa en tanto exista, *pese a su propia razón y a cuanto haya de más material y contrario a esa fe ciega*, que así puede devolvernos la perdida tranquilidad como conducirnos por el camino de las mayores aberraciones. (Rosalía, 1981: 816).

No tardó en sorprenderme la visita del médico, a quien con toda la cortesía que me fue posible le hice saber que con *mi enfermedad, hija del cansancio y disgusto moral, nada tenía que ver la ciencia*. (Rosalía, 1981: 827).

Unha sorte de dicotomía ciencia/arte de matar:

Pero, mamá, es un tormento sufrir a esas médicas *que tienen la medicina por la más honorífica y útil de las ciencias* mientras se atreven a decir insolentemente, porque se lo han oído a cierto abuelo suyo, que el arte de matar, así llaman a la carrera del ejército, debiera ser tenida por la más ínfima de todas.

—¡Necias que son! La ignorancia... ¡ya se ve! (Rosalía, 1867: 481).

Sátira contra o interese pseudocientífico de homes nobres pero ignorantes:

Para que pueda usted formarse una idea de su belleza sin par y de su maravillosa perfección bastará decir que ayer se han reunido los zapateros más ilustres de la corte con el solo objeto de debatir las siguientes cuestiones. De qué material son las botas del señor duque de la Gloria. En qué corte del mundo han sido trabajadas. Cuál es su origen. Pueden o no pueden hacerse iguales en Europa. Todo esto se ha discutido inútilmente por espacio de tres largas horas que duró la sesión. El uno opinaba que el material tenía semejanza con el mármol, el otro añadía que, por su transparencia, pudiera creerse cristal de roca y aun hubo quien se atrevió a decir como el cauchout se adaptaba a tantos usos... pero el imbécil no pudo acabar de pronunciar tal blasfemia, unánimemente reprobada desde el momento en que empezó a salir de sus labios. Todos convinieron en que *aquellas botas luminosas eran un impenetrable misterio*, la obra de un genio potente y desconocido, y se disolvió la asamblea en el mismo estado de ignorancia en que antes se encontraba. Resolvieron, no obstante, al separarse, hacer una exposición, rogando al ilustre y misterioso personaje en nombre de la humanidad se dignase revelar en dónde y de qué habían sido hechas aquellas botas maravillosas, asombro de los inteligentes, a *cuyo favor le quedarían eternamente agradecidos todos los que tienen en algo las ciencias y el progreso*. (Rosalía, 1980: 433)

El duque [...] dijo:

¿Acabará esto pronto? A fe que me voy cansando de reírme. Felices nuestros primeros padres, que pasaban la vida alabando a Dios, cuidando de sus rebaños y vestidos con pieles de oveja; ¡maldito el efecto que les hubieran hecho mis botas azules! [...] Diles, en

fin, a algunos que, calzando unas botas azules, harán el primer papel en el mundo o la primera figura, siquiera sea ésta la más ridícula entre todas; y hételos con botas azules anunciándose por donde quiera con un cascabel. ¡Aún no he perdido completamente la vergüenza, Musa, aún existe dentro de mí un resto de amor propio que me hace ruborizarme aquí, en donde nadie me ve!... Lo conozco: yo mereciera, el primero, ser arrojado en el pozo de la *moderna ciencia* en compañía de las historias inspiradas, de los malos versos, de las zarzuelas sublimes y de las novelas que se publican por entregas de a dos cuartos. (Rosalía, 1980: 515).

El señor de la Albuérniga, mi más distinguido amigo, será el primero que dé la señal para que se descorra el velo y mane la fuente hasta llenar el gran pozo de *la moderna ciencia*, como una copa cuyo licor rebosa [...]. (Rosalía, 1980: 528).

—¡Vaya! —repuso el duque [...].— No me he engañado... Y ha escrito novelas terriblemente histórico-españolas, de las muchas que están llenando *el pozo de la moderna ciencia*. (Rosalía, 1980: 536).

A imposibilidade da ciencia para curar a loucura:

¡Siempre con tus esperanzas! —replicó el primero con aire de disgusto—. Te ruego —añadió después con acento casi suplicante— *que estudies de nuevo todos los libros de tu ciencia*, que recorras los hospitales, que busques, en fin, un medio, sea el que quiera, de salvarla.

Dios es testigo —respondió el anciano con severo acento— de que paso las noches sobre los libros escudriñando los misteriosos secretos de la ciencia para ver si consigo al fin hallar algún remedio a tan terrible enfermedad. Una extraña inducción me ha hecho sospechar que siendo morales las causas que la producen, puedan éstas tal vez tornar a la salud al individuo sobre quien tanto influjo han tenido ya.

[...] *¡Si pudiéramos saber cuál ha sido la causa de su locura!* —interrumpió el doctor que hasta entonces había permanecido indiferente *cual si estuviese ocupado en buscar en los recónditos arcanos de la ciencia una nueva idea de salvación.* (Rosalía, 1859: 620).

El doctor se había acercado a la loca que lanzaba agudos y desgarradores gritos [...]. Todo demostraba un padecimiento horrible.

Esta enfermedad del corazón será la causa de su muerte —murmuró el doctor mirándola tristemente—. Pobre niña —añadió—, Dios sabe que yo quisiera volverte la razón y la

vida, pero la ciencia es tan vana como estéril; en ciertos casos, todo su poder se reduce tan sólo a conocer su impotencia.

—Sí, sí, ya lo comprendo —replicó Ansot con acento amargo y burlón, en tanto fijaba en la enferma una mirada profunda de compasión y de amor intenso, *sólo nos resta sufrir y llorar y arrojar al fondo del océano esos libros que se llaman libros de ciencia*. (Rosalía, 1859: 621).

Unha sorte de animismo e de dicotomía sentimento/razón:

Acordéme entonces de los malos espíritus en que creía el fraile y de aquellos maleficios, aparecidos y fantasmas, de los cuales nuestros campesinos murmuran en silencio al pie del hogar, mientras el fuego que en él arde templá a la par que alumbrá, de una manera a propósito para ver visiones y sombras los supersticiosos, el sombrío interior de sus chozas. *Entreguéme entonces con ardor al estudio de las ciencias que aclaran tales misterios*, por más que estén tenidas ya por absurdas, así como al de la historia y conocimiento de las supersticiones de todos los pueblos antiguos y modernos, y *pude así llegar a comunicarme mas que nunca con todo aquello que no se ve, pero que está en perenne contacto con nosotros*. Erré de noche por los cementerios; permanecí desde el toque de la oración hasta el toque del alba en el interior de los viejos templos; subí a la cima de las montañas, y me interné en lo profundo de esas cuevas misteriosas, en donde habitan los innumerables espectros del pasado, mezclados los gérmenes en incubación del porvenir. Y al cabo *pude convencerme de que la superstición no desaparecerá nunca de la tierra en tanto la habite el hombre, así como existe desde que él ha existido, porque tiene su origen en él mismo, y en algo más también que la razón no podrá nunca medir*, como tampoco explicar nuestras aspiraciones eternas hacia lo infinito. Sí, Pedro, nunca desaparecerá entre los que nacieron para morir la creencia de que los que aquí dejaron de ser vuelven algunas veces al mundo en espíritu, y aun que permanecen en él el tiempo que para castigo de sus culpas les envía Dios a vagar por los parajes en donde han pecado. No; no nos abandonan como parece los que aquí han perdido, por medio de la muerte, su corpórea forma, ni nada de cuanto Dios ha criado, como te indiqué ya, puede acabar para siempre. (Rosalía 1981: 855).

Lee un día alguna de las hermosas tradiciones de nuestro país [...], penéstrate de su espíritu reconcentrándote en ti mismo, y *llegarás a comprender en parte lo que te digo; no apelando a la ciencia ni a la fría razón, que son para el caso ciegas y sordas, y como quien dice su antítesis*,

sino únicamente al sentimiento, que es el único que tiene el poder de comunicarnos con lo que ni se mide ni se palpa y es invisible a los mortales ojos. (Rosalía 1981: 856).

No; nada muere en el universo, nada de lo que Dios ha criado puede perecer, nada hay insensible sobre el haz de la tierra... ; *Todo vive, todo siente... el agua, la piedra, el viento... las constelaciones!* (Rosalía 1981: 816).

O positivismo «mata el genio» desatendendo os sentimentos:

Teresa, la pobre huérfana abandonada [...] era uno de esos genios indómitos y poetas, una de esas imaginaciones ardientes que sólo viven de grandes emociones [...]. Tal vez si hubiese nacido en épocas más remotas se presentaría orgullo de su siglo como Juana del Arco, o santa Teresa de Jesús, pero en estos tiempos en que *el positivismo mata el genio* [...], sin más [...] instrucción que la de su propio entendimiento, tenía que vagar por aquellas riberas como un alma errante o como un astro perdido entre sombras que no admiten claridad. (Rosalía, 1980: 563).

O PENSAMENTO ROSALIANO SOBRE AS MULLERES: ERA ROSALÍA UN «ANXO DO FOGAR»?

Unha muller, na Galicia e na España do XIX, que se integrou en círculos intelectuais masculinos, ousou publicar nunha lingua proscrita e foi quen de se opor ao pensamento científico-social sobre a inferioridade feminina, non representaba precisamente o ideal de «anxo do fogar» da sociedade do século XIX.

Foi acusada de non ser ela quen escribía senón Murguía (Blanco, 1985, citada por Castro, 1986): «Se dice muy corrientemente que mi marido trabaja sin cesar para hacerme inmortal. Versos, prosa, bueno y malo, todo es suyo pero sobre todo lo que les parece menos malo, y no hay principiante de poeta ni hombre sesudo que no lo afirme». Míguez (2010) indica que Rosalía se dirixe a unha escritora novel en «Carta a Eduarda» dicíndolle: «No, mil veces no, Eduarda; aleja de ti tan fatal tentación, no publiques nada y guarda para ti sola tus versos y tu prosa, tus novelas y tus dramas». Foi acusada tamén de misóxina, teoría que refutan, entre outras, Carmen Blanco (1985) e Sara Fernández (2003), como se constata no

prólogo de *La hija del mar*, no que reivindica a igualdade e cita mulleres célebres, Feijoo e Malebranche como fontes de autoridade:

Antes de escribir la primera página de mi libro, permítase a la mujer disculparse de lo que para muchos será un pecado inmenso e indigno de perdón, una falta de que es preciso que se sincere.

Bien pudiera, en verdad, citar aquí algunos textos de hombres célebres que, como el profundo Malebranche y nuestro sabio y venerado Feijoo, sostuvieron que la mujer era apta para el *estudio de las ciencias, de las artes* y de la literatura.

Posible me sería añadir que mujeres como madame Roland, cuyo genio fomentó y dirigió la Revolución francesa en sus días de gloria; madame Staël, tan gran política como filósofa y poeta; Rosa Bonheur, la pintora de paisajes sin rival hasta ahora; Jorge Sand, la novelista profunda, la que está llamada a compartir la gloria de Balzac y Walter Scott; Santa Teresa de Jesús, ese espíritu ardiente cuya mirada penetró en los más intrincados laberintos de la teología mística; Safo, Catalina de Rusia, Juana de Arco, María Teresa, y tantas otras, cuyos nombres la historia, no mucho más imparcial que los hombres, registra en sus páginas, protestaron eternamente contra la vulgar idea de que la mujer sólo sirve para las labores domésticas y que aquella que, obedeciendo tal vez a una fuerza irresistible, se aparta de esa vida pacífica y se lanza a las revueltas ondas de los tumultos del mundo, es una mujer digna de la execración general.

No quiero decir que no, porque quizá la que esto escribe es de la misma opinión. Pasados aquellos tiempos en que se discutía formalmente si la mujer tenía alma y si podía pensar —¿se escribieron acaso páginas más bellas y profundas, al frente de las obras de Rousseau que las de la autora de *Lelia*? (Rosalía 1859: 543)

Noutras obras encomia as campesiñas, pastoras, pescadoras e mariscadoras, pois traballan día e noite, pero critica as de clase alta, que poden escribir e estudar porque os seus pais traballan para elas.

Polo que respecta á intelixencia das mulleres e a súa independencia e educación, non perderá ocasión de defendelas, contra a ciencia e a filosofía do seu tempo, chamándoas a que tomen conciencia da súa situación de obrigada submi-

7 Refírese a George Sand.

sión. A educación feminina é obxecto das críticas rosalianas no papel de Dorotea, a mestra, que ensina ciencias aos homes e a coser e cantar ás rapazas.

Y esto es bien natural por cierto. *Los hombres se casan muchas veces, se casan con la toga, con la política, con las ciencias, con la cartera de ministro, mientras que las mujeres sólo se casan una vez en la vida.* Si llegan a dos, ya sienta mal en los ojos que lloraron a un muerto el rayo de alegría que ha venido a iluminarlos en las primeras bodas. Es una repetición de ceremonias que se asemeja algo a un remordimiento, y parece que tras de las blancas cortinas que ocultan el lecho nupcial, debe hallarse escondida una sombra. (Rosalía, 1867: 476).

—Calla, Dorotea, no me digas tal cosa que yo con mi corto entender pienso al revés, que nunca servirán sino para lo que siempre han servido, y es para enseñar a los niños el a e i o u, y un poquito de otras cosas, que a tener yo tiempo también se las enseñara.

—No blasfemes, Perico, que siempre has sido más testarudo que una cabra, y atiende que deprimes mi digna profesión. Vamos, como te decía, a casa de Ricardito Majón y ríete del abogado que no sabe hacer más que cobrar consultas, y de los que, porque escriben en periódicos y componen libros y novelas impías, se creen sabios consumados cuando ignoran muchas veces lo que es sintaxis, prosodia y ortografía, aritmética, geografía y otras ciencias que los maestros de escuela saben manejar como si fuesen habas contadas. [...]

Son *los maestros de escuela*
orgullo de los humanos,
que a los hombres enseñamos,
aun antes que echen las muelas.

Educación, artes, ciencia,
todo a nosotros lo deben,
y con esto saber deben
que somos por excelencia.

(Rosalía, 1867: 498)

Fronte á valoración da escola, Rosalía menospreza á universidade compostelá, como se observa nos parágrafos de *Flavio* que Murguía suprimiu (Castro, 1986):

[...] Pues mi inteligencia no crecería más con haber penetrado como muchos en la gran universidad compostelana. Infinitos conozco que han oído allí en vano por largos años pomposos discursos, saliendo tan torpes al fin de su carrera literaria como si jamás hubiese llegado hasta ellos una sola palabra de ciencia.

Na obra rosaliana hai diversidade de mulleres: independentes, submisas, anxos, maléficas e sabias. Un exemplo destas últimas é dona Isabel en *Ruínas*:

—¿Conque, es decir, señora, que usted, llena de experiencia y de talento, desprecia la profesión lucrativa y civilizadora del comercio, *desprecia usted la ciencia y los hombres de la ciencia?*

—¡Yo criaturas! ¿Despreciar la profesión lucra... ti... va del comercio? —respondía doña Isabel [...] ¡Yo! Dios me libre de despreciar a nadie... Ellos valen tanto en su esfera como yo en la mía; y soy la primera en estimar a los que deseché para maridos, ellos lo saben. Pero si les pareció mal que yo no hubiese querido mezclar mi sangre azul con su sangre roja, hubieran ellos hecho lo mismo no queriendo mezclar la roja con la azul, y estábamos pagados, aunque, por mi parte, hijas mías, no reconozco deudores. (Rosalía, 1966: 876).

Para finalizar, é preciso salientar que aquí unicamente se pretende un primeiro achegamento á posición rosaliana sobre a ciencia e a técnica; non obstante, pódese afirmar, interpretándoa desde a sátira, a retransa e o escepticismo da autora, que practica a «hermenéutica da sospeita» (Mayobre e Caruncho, 1998) fronte á ciencia e á filosofía do seu tempo e que nela agroman resonancias sarmentianas (Álvarez-Lires, 2002), inda que esta última cuestión requiriría doutro relatorio.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ABELLÁN, José Luis (1994): *La polémica de la ciencia española* (<http://www.march.es/conferencias/anteriores/voz.aspx?id=2214>).
- ÁLVAREZ-LIRES, Mari (2002): *Sarmiento: un científico da Segunda Ilustración*, Santiago de Compostela, Universidade.
- ÁLVAREZ-LIRES, Mari *et al.* (2003): *Las científicas y su historia en el aula*, Madrid, Síntesis.
- ARENAL, Concepción (2009 [1869]): *La mujer del porvenir*, Mairena del Aljarafe-Sevilla, Extramuros Fac-símiles.
- AZCÁRATE, Pablo de (1967): *La cuestión universitaria. Epistolario de Francisco Giner de los Ríos, Gumersindo de Azcárate, Nicolás Salmerón*, Madrid, Tecnos.
- BERNAL, John (1989): *Historia Social de la Ciencia*, Barcelona, Península.
- BLANCO, Carmen (1985): «Las literatas», *Festa da Palabra Silenciada*, II, 13-29.
- CACHO, Vicente (1962): *La Institución Libre de Enseñanza. I. Orígenes y etapa universitaria (1860-1881)*, Madrid, Rialp.
- CARDOSO, Nancy (1996): «Pautas para una hermenéutica feminista de la liberación», *RIBLA*, XXV, 5-10.
- CASTRO, Rosalía de: *Obras completas*. Edición dixital a partir de Madrid, Establecimiento tipográfico de Ricardo Fe, 1884; Edición dixital a partir de Madrid, Imprenta y Librería de Moya y Plaza (1981), cotexada coa edición de Mauro Armiño (1980), Madrid, Akal e a de Manuel Arroyo Stephens (1993), Madrid, Fundación José Antonio Castro.
- CASTRO, Xavier (1986): «Problemática da “orfandade” na obra de Rosalía de Castro», en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, I, 85-91.
- DÍAZ-FIERROS, Francisco (1976): «La cultura científica», en VV. AA., *Los Gallegos*, Madrid, Istmo, 432-456.
- DÍAZ SÁNCHEZ, Pilar (2007): «Morriña en la obra de Emilia Pardo Bazán: la cuestión femenina», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, Extra I, 47-57.
- FAUS, Pilar (ed.) (1986): *Semblanza de una amistad. Epistolario de Augusto G. de Linares a Francisco Giner de los Ríos (1869-1896)*, Santander, Librería Estudio.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, María Sara (2003): *As personaxes femininas nas novelas de Rosalía de Castro*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- FRAGA, Xosé Antón (1977): *Aportación ao estudo da polémica darwinista na Galiza do século XIX (biblioteca. universia.net/5361)*.
- GLICK, Thomas F. (1982): *Darwin en España*, Barcelona, Península.
- GONZÁLEZ-RODRÍGUEZ, María Dolores (2003): «La ciencia en España en la encrucijada finisecular (siglo XIX)», *Revista CTS*, I, 85-108.
- HERRERO, Araceli (2004): *Estudios sobre Emilia Pardo Bazán e recompilación de dispersos*, Lugo, Deputación Provincial, 45.
- LAFITTE, María (1964): *La mujer en España. Cien años de su historia, 1860-1960*, Madrid, Aguilar.
- MARTÍNEZ-LÓPEZ, Cándida *et al.* (1991): «Historia de las Mujeres en España», en Bonnie Anderson / J. Judith Zinsser (eds.), *Historia de las mujeres: una historia propia*, Barcelona, Crítica, 586-665.
- MARTÍNEZ PULIDO, Carolina (2003): *El papel de la mujer en la evolución humana*, Madrid, Biblioteca Nueva.

- MARTÍNEZ PULIDO, Carolina (2012): *La senda mutilada: la evolución humana en femenino*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- MAYOBRE, Purificación / Cristina CARUNCHO (1998): «Psicoanálisis, hermenéutica y género», en Marcelino Agís Villaverde (ed.), *Horizontes de la hermenéutica*, Santiago de Compostela, Universidade, 496-514.
- MÍGUEZ, María (2010): *La prosa de Rosalía Castro: tan desconocida como feminista* (<http://www.elmundo.es/elmundo/2010/08/03/galicia/1280852001.html>).
- NIETO, Carlos (2010): «Un krausista en el laboratorio: La aportación del naturalista Augusto González de Linares (1845-1904)», *Revista de Hispanismo Filosófico*, XII, 77-102.
- NÚÑEZ, Diego (1969): *El darwinismo en España*, Madrid, Castalia.
- PESET, José Luis (1974): *La universidad española (siglos XVIII y XIX)*, Madrid, Taurus.
- RODRÍGUEZ CARRACIDO, José (1873): «Carta nº 35, fechada en Santiago de Compostela el 12.12.73», en M. Carmen Simón Palmer (1983), «Higiene y medicina de la mujer española a través de los libros: siglos XVI al XX», en VV. AA., *Actas de las II Jornadas de Investigación Interdisciplinaria sobre la mujer. Las mujeres medievales y su ámbito jurídico*, Madrid, Universidad Autónoma, 71-84.
- TATON, René (1988): *Historia General de las Ciencias*, Barcelona, Orbis, S.A.

